




RESUMO DÁ COMISIÓN DE SAÚDE LABORAL DO IV CONVENIO COLECTIVO DE TRABALLO PARA AS EMPRESAS E TRABALLADORES/AS DE TRANSPORTE DE ENFERMOS/AS E ACCIDENTADOS/AS EN AMBULANCIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

A comisión paritaria formada pola representación dos sindicatos FeSP-UGT, CIG e CCOO e pola FEGAM, establecen na devandita reunión os seguintes puntos:

 Necesidade de crear un modelo para avaliar os riscos psicosociais derivados do traballo de transporte de enfermos e accidentados en ambulancia. Por parte da representación sindical requírese que este modelo teña valor representativo de maneira global, para o que propoñen realizala de forma conxunta a nivel autonómico de forma que os datos representen a toda a profesión dentro da comunidade autónoma de Galicia para realizar unha avaliación dos riscos de maneira global respectando as variacións que poidan existir entre transporte urxente e non urxente.

 Os sindicatos manifestan a necesidade urxente de unificar criterios en aspectos de limpeza e desinfección dos vehículos asistenciais en época de pandemia. Ponse en cuestión as novas recomendaciónes da FPUSG-061 as cales indican que se desinfectara o vehículo despois do traslado dun caso positivo ou sospeitoso, segundo o protocolo interno da empresa, sempre que a propia central de coordinación acépteo.

Exponse que as persoas traballadoras non poden estar sempre sometidas a ese xogo de poder entre as ordes directas recibidas do 061 e aquelas recibidas pola empresa, sendo necesario unificar criterios entre os organismos responsables, a saber; a FPUSG-061, a representación empresarial e a propia comisión sectorial de prevención de riscos laborais.

 **Desde a FeSP-UGT** expponse tamén a necesidade de formalizar aspectos que, a día de hoxe, aínda non están lexitimados como as características da base de traballo, zonas comúns e zonas de descanso individuais que axuden a evitar o contacto coas enfermidades infecto-contaxiosas.

En relación aos recursos de SVA e SVAE cuxa dotación conta soamente cun técnico en emerxencias sanitarias, a CIG achega un bosquexo sobre as condicións e sobrecargas que este traballador sofre. **A FeSP-UGT** comprometémonos a redactar un informe complementario con máis datos e aspectos definidos para ter unha información máis completa sobre a situación e as posibles solucións.